

CÁNNABIS

O cánnabis é unha **substancia perturbadora** do Sistema Nervioso Central. Dependendo da cantidade atopada de THC poden aparecer efectos depresores.

COMPOSICIÓN

A planta de Cánnabis sativa contén máis de 400 compoñentes químicos. Os dos cannabinoides máis importantes polos seus efectos son o THC y el CBD.

O THC é a principal substancia psicoactiva. A potencia da marihuana dependerá da cantidade de THC.

O CBD ten propiedades analxésicas e reduce a sensación de ansiedade que causa o THC.

FORMAS DE PRESENTACIÓN

Marihuana : Trituración de flores, follas e talos secos.

Haxix: Resina almacenada de flores da planta femia.

Aceite de haxix: Resina de haxix disolta e concentrada.

PSICOSE CANNÁBICA

Tras un **consumo excesivo** pódese sufrir unha psicose cannábica, que se caracteriza por síntomas de angustia, paranoias, taquicardias e crises agudas de ansiedade.

CÁNNABIS E ADOLESCENCIA

A parte do cerebro encargada de tomar decisións e de controlar as emocións aínda non está formada e podería resultar moi dañada.

O inicio temperán no consumo está asociado coa aparición de trastornos mentais na idade adulta, un maior consumo de drogas no futuro, máis dificultade para deixar de consumir, problemas no rendemento escolar e abandono prematuro dos estudos.

ELIMINACIÓN

Os efectos psicoactivos do cánnabis comezan aos poucos minutos do consumo e duran entre 1 e 2 horas, aínda que o THC permanece un longo tempo no noso organismo e pode tardar ata **30 días en eliminarse**.

Ao consumirse fumado, os efectos poden durar ata 2 ou 3 horas. Por vía oral a absorción resulta máis lenta, pero os efectos poden durar ata 6 horas.

ALGÚNS DATOS

O cánnabis é a **substancia ilegal máis consumida** entre adolescentes. A idade media de inicio sitúase entre os 14 e 15 anos.

Os trastornos de ansiedade asociados ao consumo de cánnabis son máis frecuentes entre as mulleres.

O uso crónico relaciónase coa diminución do apetito sexual e, en ningún caso, con efectos afrodisíacos.

Se se sofre algunha enfermidade mental ou psiquiátrica, o cánnabis a empeorará.

O efecto do cánnabis dificulta a aprendizaxe e as tarefas que requiren concentración, permanecendo este efecto despois do consumo.